PLAN SOCIO COMUNITARIO DO BARRIO DE VITE

INDICE

I.- HISTORIAL DA ASOCIACION DE VECIÑOS "POLIGONO DE VITE"

II.- ANTECEDENTES DO PLAN SOCIO COMUNITARIO DO BARRIO DE VITE

II.1.- O PLAN DE PREVENCION E TRATAMENTO DA DELINCUENCIA XUVENIL EN COMPOSTELA.

II.2.- DESENVOLVIMENTO DO "PLAN DE PREVENCION" NO BARRIO DE VITE.

II.2.1.- BREVE RESEÑA DAS CARACTERISTICAS SOCIO-ECONOMICAS E CULTURAIS DO BARRIO.

II.2.2.- MEMORIA DO "PLAN DE PREVENCION" DO ANO 1998

II.2.3.- MEMORIA DO "PLAN DE PREVENCION" DO ANO 1999

III.- PLAN SOCIO COMUNITARIO DE PREVENCION E REINSERCION DO BARRIO DE VITE.

III.1.- MEMORIA DO DESENVOLVIMENTO DO PLAN SOCIO-COMUNITARIO DE VITE NO ANO 1990.

III.2.- MEMORIA DO DESENVOLVIMENTO DO PLAN SOCIO-COMUNITARIO DE VITE NO ANO 1991.

III.3.- MEMORIA DO DESENVOLVIMENTO DO PLAN SOCIO-COMUNITARIO DE VITE NO ANO 1992.

I.- HISTORIAL DA ASOCIACION DE VECIÑOS "POLIGONO DE VITE"

A Asociación de Veciños "Polígono de Vite" constitue unha entidade de caracter privado, cuio ámbito de actuación territorial está limitado as vivendas sociais que conforman o Polígono de Vite. Xurde como tal no ano 1.986, coa unificación das entidades veciñais existentes nas diversas fases do Polígono.

Os fins da Asociación, tal como recollen os seus estatutos, son todos os relacionados coa defensa dos intereses xerais dos veciños e o seu asesoramento. A cooperación no bon funcionamento das institucións educativas, sanitarias, etc do barrio. E en xeral, a defensa dos intereses lexítimos da comunidade e a promoción social e cultural dos veciños, dun xeito especial ás familias máis necesitadas.

É unha das entidades promotoras do ***"Plan de Prevención e Tratamento da Delincuencia Xuvenil en Compostela"*** no ano 1.987, formando parte da súa Comisión Social de Seguimento, xunto con outras entidades veciñais de diversos barrios de Santiago.

Foi a impulsora do desenvolvemento de dito Plan no barrio de Vite, e tamén do nacimento e consolidación da ***"Coordenadora de Barrio de Vite"***, entidade que aglutina as entidades sociais e os servicios públicos existentes no barrio.

Foi a entidade promotora do ***"Plan Socio-Comunitario do Barrio de Vite"*** a comenzos de 1.990. Ostenta, deica hoxe, a tutela formal do mesmo; si ben, funcionalmente, o desenvolvemento do mesmo ven dependendo da Coordenadora de Barrio no seu coxunto.

II.- ANTECEDENTES DO PLAN SOCIO COMUNITARIO DE VITE

A realidade actual deste Proxecto ven precedida dunha intensa laboura realizada ó longo dos dous anos anteriores a posta en marcha do mesmo, que se corresponde co desenvolvimento do "Plan de Prevención e Tratamento da Delincuencia Xuvenil en Santiago de Compostela".

Por este motivo consideramos imprescindible reseñar as liñas básicas do proxecto orixinal do "Plan de Prevención", coa súa adecuación concreta ó barrio de Vite; así como os aspectos significativos do seu desenvolvimento neste barrio durante estes dous anos.

II.1.- O PLAN DE PREVENCION E TRATAMENTO DA DELINCUENCIA XUVENIL EN COMPOSTELA.

A principios do ano 1.987, unha serie de feitos delictivos continuados asociados a grupos xuvenís de barrios periféricos da Cidade provocaron un estado de tensión veciñal xeneralizada que foi caldo de cultivo para a aparición de respostas agresivas e violentas por parte dun determinado sector da poboación. Neste contexto, a Asociación de Veciños dun dos barrios máis afectados promoveu un proceso de participación veciñal que culminaría na elaboración e posta en marcha do "Plan de prevención e tratamento da delincuencia xuvenil".

FACTORES QUE INFLUIRON NO SEU NACIMENTO.-

Entre os factores que influiron na xénesis deste proxecto pódense enumerar os seguintes:

- *A existencia dunha comunidade cun certo nivel de estructuración*: O barrio do Castiñeiriño, onde se desenvolven os primeiros pasos deste proceso, conta cunha longa tradición asociativa. Esto permitiu a súa Asociación de Veciños convocar nos momentos màis tensos unha asamblea aberta para debatir as posibles alternativas frente ó problema.

De esta asamblea xurde a proposta de elaborar o Proxecto, posteriormente súmanse a idea Asociacións de Veciños de diversos barrios da Cidade.

- *A existencia de técnicos e profesionais cualificados vinculados ó movimento veciñal*: Persoas que, participando na vida diaria dos seús barrios e Asociacións, coñecían directamente os problemas cotidians e podían moverse con facilidade no entramado de relacións sociais do barrio. A súa aportación foi decisiva para dar forma as intuicións xurdidas do movimento veciñal e elaboralas nun programa de actuación sistematizado.

- *A ausencia dun plan propio da Administración Local*: O Concello de Santiago carecía dunha adecuada planificación orientada á dinamización social e á prevención de situacións de marxinación xuvenil.

No documento orixinario do "Plan de Prevención e Tratamento da Delincuencia Xuvenil en Santiago de Compostela", feito público en Xullo do 1.987, analízanse as claves de interpretación das situacións de marxinación que motivan procesos de inadaptación social dun número importante de nenos e mozos dos nosos barrios; defínense os obxectivos do proxecto e as liñas metodolóxicas precisas no seu desenvolvimento que permitan conquerir unhos resultados satisfactorios.

CARACTERIZACION DA SITUACION DE PARTIDA.-

A nivel xeral, os barrios periféricos de Santiago presentan fortes deficiencias de infraestructura e servicios. Están mal planificados ou sen planificar dende o punto de vista urbanístico; con carencia de zonas de esparcimento, parques infantís e instalacións deportivas; os locais sociais, bibliotecas, etc son practicamente inexistentes. A calidade media da vivenda é mala. O sector servicios redúcese a bares e tendas de alimentación; agravado por un mal e caro servicio de comunicacións, que fai mais dificil aproveitar as ventaxas da cidade.

O marco familiar e social das persoas en situación de risco social caracterízase por unha baixa calidade de atención básica ós nenos, agravada en moitos casos polas malas relacións entre a parella de pais determinada pola situación económica e cultural (son frecuentes as situacións de paro ou sub-emprego e as ausencias das nais longas horas do día do fogar, así como o baixo nivel cultural e a escasa cualificación profesional), e en moitos casos polo alcoholísmo que fai frecuentes os malos tratos e a agresividade. Por todo esto, son familias nas que os roles están desvirtuados ou non se estructuran, producíndose un desnorde vivencial, que fai da familia un axente de desintegración persoal e social.

A escola ten un sistema ríxido, non educa a personalidade, e promove a competitividade na que moitas veces saíron perdendo, de ahí que *aprenderon* a sentirse inferiores, vivindo a frustación de non ser capaces de mudar de situación.

As relacións familia-escola non só non axudan, senón que con frecuencia agravan a situación, pois serve para enfatizar o fracaso do rapaz e convocar á familia a un papel meramente coercitivo.

As carencias afectivas e o sentimento de inferioridade proxéctanse tanto na dificultade de dar e recibir afecto, como no comportamento marxinal, rematando en pecharse en si mesmo buscando na pandilla a seguridade necesaria para subsistir; na que atopan unha

solidaridade maís primaria e xerarquizada que social.

OBXECTIVOS XERAIS E METODOLOXIA.-

O Plan de Prevención e Tratamento da Delincuencia Xuvenil debe entenderse como unha intervención contra os factores que tenden a desestructurar a comunidade, a consagrar un reparto desigual da participación e do benestar e a segregar ós sectores *menos aptos* para adaptarse ó ritmo social.

Neste senso, o obxectivo xeral é facilitar o desenvolvemento dun proceso de estructuración social dos barrios, de forma que permita ir mellorando cualitativamente a situación de marxinalidade vivida por un sector importante da poboación dos mesmos, e na que os veciños esteñan fondamente implicados, cuestión intimamente ligada a prevención de situacións de "risco social" e que posibilita paralelamente unha laboura de reinserción social dos "casos" xa detectados.

As liñas metodolóxicas do Proxecto veñen definidas pola metodoloxía do traballo social comunitario. Neste senso, está maioritariamente asumido que este é o que ten por obxecto a comunidade. O matiz que se engade é que o suxeto dese traballo tamén, dalgún xeito, é a propia comunidade. O que implica asumir con toda-las consecuencias o principio de participación, desenvolvendo o mesmo operativamente, como activación e posta en marcha da capacidade auto-organizativa da comunidade.

Este modelo de referencia supón determinadas liñas que contextualizan a intervención:

- A significación do termo "comunidade" en Galicia é algo ven concreto e definible. Sendo a comunidade o conxunto dunha poboación con certo caracter homoxéneo, asentada nun territorio definido e cun máis ou menos tanxible sentimento de pertenza; o falarmos así estamos definindo a parroquia, ou no noso caso á parroquia urbanizada convertida en barrio da cidade. Esto define a territorialidade da intervención.

- Encadrar as accións e programas puntuais nun horizonte global de actuación: O desenvolvimento autocentrado da comunidade.

- Asentar a intervención social nas propias forzas e recursos da comunidade, que deben ser organizados, coordinados, optimizados e movilizados.

- Avanzar cara a superación dos hábitos de dependencia, xeneralizados na poboación, mediante programas de información activa e de educación social.

- Organizar o traballo como ferramenta da solidaridade, cambiando en función delo unha concepción eficacista empeñada no logro de obxectivos tanxibles independentemente

do xeito de acadalos.

- A participación, a comunicación, a superación de perxuicios e actitudes segregadoras, o incremento da concientización e o fortalecimento dun tecido social vivo e capaz de reaccionar frente as necesidades emenxentes, deben ser fins en sí mesmos, anque non señan tan doados de medir de xeito inmediato.

- Complementariamente co anterior compre orientar o traballo nun senso socialmente eficaz, que mellore a calidade de vida, avanzando na percura do benestar social da comunidade.

- Os equipos de profesionais necesarios para desenvolver o Proxecto, que a Administración debe costear, precisan ubicarse acarón dos procesos comunitarios, traballando dende e coa comunidade, de cara a resultar máis eficaces.

- Este diseño implica que ós organismos e servicios "normais" que están a actuar na comunidade: Ensino, sanidade, promoción laboral, servicios sociais especializados, etc, etc... deben estar integrados nos programas de intervención concretos, actuando coordinados entre sí e tamén coa comunidade organizada, de xeito que conformen un conxunto estructurado e sistematizado que permita e posibilite unha intervención perfectamente imbricada. Por outra banda é contrario a creación de servicios especiais para persoas especiais, que xeneran xa de por si marxinación.

NIVEIS DE INTERVENCION

Nesta liña definíronse obxectivos concretos a desenvolver nun triple nivel:

- Un primeiro nivel, que comenza previamente a intervención propiamente dita, basado na ***Sensibilización*** da poboación en xeral e dos estamentos maís directamente implicados no problema: Colectivos dos barrios, Escola, Xuíces, etc..., e responsables políticos da Administración.

- Un nivel de ***Prevención***, centrado nun traballo de dinamización social dos barrios, promovendo a implicación da comunidade, das súas entidades e axentes sociais, no proceso e facilitando formación, información, orientación e asesoramento ós núcleos familiares en xeral, e especialmente a aqueles en situacións de deterioro ou indefensión social.

- Un nivel de ***Reinserción***, que implica unha intervención individualizada coas persoas, e o seu entorno familiar e social, en situacións de inadaptación social, tratando de modificar, na medida do posible, o camiño iniciado. Laboura que debe ir intimamente ligada a sensibilización e implicación de toda a comunidade no proceso.

AREAS DE INTERVENCION.

A actuación desenvolverase nas seguintes áreas de intervención:

**** Intervención coa Comunidade.-***

Pártese de que é esencial, tanto a nivel preventivo como de reinserción social, desenvolver operativamente o principio de participación, activación e posta en marcha da capacidade autoorganizativa da comunidade, dirixido a provocar a consolidación dun tecido social participativo e implicado coa problemática social.

Neste senso é importante tratar de lograr a coordinación permanente das entidades sociais e os servicios existentes en cada barrio, aproveitando millor os recursos, e encuadrando as accións puntuais e aisladas nun horizonte global de actuación, a nivel do mesmo, que implique unha intensa dinámica social e cultural.

**** Intervención co Medio Escolar.-***

Co fin de abordar a problemática do fracaso escolar como desencadenante, xunto con outras causas relacionadas, da situación de inadaptación social dun alto porcentaxe de rapaces, considérase importante lograr unha boa interrela-ción entre a escola e o barrio.

Débese levar unha laboura diaria e continuada coa comunidade educativa, fomentando a participación dos pais, alumnos e profesores na marcha do centro escolar, que permita levar unha actuación coordenada de todos.

Paralelamente, tamén é necesario que a escola non permanezca de espaldas ó barrio, debendo implicarse activamente na súa dinámica.

**** Intervención cos rapaces en situación de risco social***

As consecuencias sociais da situación socio-económica xeneral repercuten no conxunto da poboación de clase media e baixa que hai nos nosos barrios, pero dun xeito fundamental na mocedade.

A falla de expectativas laborais prolongan a etapa de dependencia familiar, agrabándose a situación económica nas familias e favorecendo as posturas pasivas nun alto porcentaxe de rapaces de cara ó ensino e a vida en xeneral.

Nos nosos barrios, para moitos mozos "paro" significa "rúa", horas e horas perdidas sen sentido. Mañán igual a hoxe. Aguantar a choiva de reclamos publicitarios de todo tipo e non ter recursos económicos para conquerir os obxectos anunciados.

Todo esto vai configurando un ambiente social favorable á aparición dun tipo de xoven insolidario e competitivo; cunha forte tendencia as "fugas cara adiante", a evadirse dos problemas e non afrontalos crítica e colectivamente.

Deste xeito xurden un conxunto de comportamentos "a-sociais", que non son senón reaccións individuais ante un sistema que estructuralmente lles impide acceder á participación na vida colectiva. Como resultado temos o ambiente pre-delincuente no que viven moitos mozos/as, e o considerable número deles que se "enganchan" nas drogas como vía de escape da realidade.

O que se plantexa dende o "Plan" é realizar un seguimento continuado dos mesmos, unha vez detectados tanto na escola como na rúa, co fin de levar a cabo unha laboura animadora, motivadora, estructuradora da súa vida, que combata a súa apatía e desilusión, que permita facilitar a súa integración social no barrio. Tendo presente que, a condición previa na practica totalidade dos casos, é lograr a súa inserción laboral.

Intervención Individualizada e Familiar.-

Que pretende proporcionar ás familias dos rapaces con problemáticas de inadaptación social o apoio e colaboración necesaria para que estas se impliquen na saída do problema, refacendo a relación familiar, si é posible. En caso contrario, si a situación familiar é tan problemática, deberase facilitar a posibilidade dunha separación temporal do rapaz que lle proporcione un entorno distinto do que está vivindo na súa familia.

Organización Funcional

A organización funcional que se plantexa para desenvolver o Plan de Prevención é a seguinte:

- A Comisión Social de Seguimento.- Como xa se ten dito, o Plan foi elaborado por Asociacións de Veciños e
técnicos en diversas áreas relacionadas coas problemáticas de marxinación infanto-xuvenil. Posteriormente foi respaldado pola Federación de APAs dos colexios públicos e diversos colectivos profesionais da Cidade. Representantes de todos eles constitúen a Comisión Social, que é o organismo de decisión do "Plan" a nivel de toda a Cidade. Na mesma defínense as liñas xerais de actuación, realízase o seguimento da intervención e valóranse os resultados da

mesma.

- **A Equipa Interdisciplinar.-** Por moita vontade que se teña dende a Comisión Social ou dende o movimento veciñal, en xeral, sería inviable a posta en práctica do "Plan" sin contar cun equipo interdisciplinar, que debe pertenecer a Administración, composto por técnicos especializados en problemáticas de marxinación social, que realice unha actuación planificada e sistematizada, feita dende e coa comunidade organizada.

- **Os Consellos Sociais de Barrio**.- Sendo a participación activa da comunidade unha peza clave no desenvolvimento do "Plan", plantéxase a constitución dun Consello Social en cada barrio onde se faga a intervención. No mesmo poden e deben participar toda-las entidades do barrio. É o lugar para o debate, a educación mutua e a planificación, seguimento e análise da intervención.

- **Casa de Acollida para Rapaces/as**.- Constatada a súa necesidade, demándase a apertura dun centro de acollida na cidade de Santiago para rapaces que , como último recurso, precisan dunha separación temporal da propia familia que, ó mesmo tempo esteña o suficintemente cerca do seu hábitat para non cortar a posibilidade de integración no mesmo.

Paralelamente débese seguir incidindo no medio familiar, onde se xenerou a problemática, coa intención de facer posible o retorno dos rapaces ó seu fogar.

II.2.- DESENVOLVIMENTO DO "PLAN DE PREVENCION" NO BARRIO DE VITE

Dende o comenzo, a Comisión Social considerou indispensable a contratación do equipo de profesionais, necesario para desenvolver o Plan, por parte do Concello de Santiago, como administración responsable de facilitar este servicio ós veciños. Debendo asumir a integración do mesmo no seu organigrama, respetando a organización funcional do propio Plan. Por outra banda o Concello contaría cos seus representantes tanto na Comisión Social de Seguimento como nos Consellos Sociais de barrio.

O Goberno Municipal, nun principio, expresou públicamente o seu apoio ó Plan, concretando o mesmo na incorporación de dous concelleiros á Comisión Social de Seguimento; na contratación temporal (vía convenio INEM-Corporacións Locais) de varios técnicos para o Plan; e subvencionando algunhas das actividades realizadas nos barrios.

Os insuficintes recursos humáns e materiais, así acadados, non permitiron extender a actuación dos técnicos contratados a todo-los barrios da Cidade, tal como estaba previsto.

Foi necesario definir barrios prioritarios para comenzar a intervención, tendo en conta tanto o nivel de problemática que presentan como o nivel de compromiso e sensibilidade co Plan por parte do tecido asociativo dos mesmos.

No Outono do ano 1.987, a Xunta de Galicia acepta contratar por un periodo de seis meses (por vía dun convenio co INEM) a tres profesionais para a posta en marcha do Plan, a Comisión Social decide iniciar a mesma nos barrios de Vite e Vista Alegre.

Deste xeito comenza o desenvolvimento do Plan de Prevención no barrio de Vite.

II.2.1.- BREVE RESEÑA DAS CARACTERISTICAS SOCIO - ECONOMICAS E CULTURAIS DO BARRIO.

O Barrio de Vite é básicamente un polígono de vivendas sociais, que xurde como tal a finais dos anos sesenta, coa intención de acoller ó crecimento da poboación na Cidade. E polo tanto un producto típico do "boom" económico deses anos.

É un barrio sin planificar dende o punto de vista urbanístico; con carencia de zonas de esparcimento; con ausencia total de locais comunitarios, etc. A calidade da vivenda é mala; hai ausencia de espacios físicos que imposibilitan a relación comunitaria; dase un hacinamento na propia vivenda, unido a aglomeración dos conxuntos de bloques configurando espacios agobiantes, mal soleados e húmedos.

No mesmo concéntrase unha alta tasa de poboación inmigrada de zonas rurais ou de outros barrios da Cidade, sen arraigo no mesmo. Conta na actualidade con cerca de 12.000

habitantes. Nel viven un alto porcentaxe de matrimonios novos, sendo a proporción de rapaces moi elevada.

É común o baixo nivel cultural. Dase analfabetismo. O nivel de cualificación profesional é moi escaso: maioritariamente obreiros que desenrolan o seu traballo no sector servicios fundamentalmente. Presenta na actualidade un alto índice de parados; e un masivo paro xuvenil.

II.2.2.- RESEÑA DA MEMORIA DO "PLAN DE PREVENCION" NO 1.988.

Seguindo os obxectivos xerais e a metodoloxía definidos no Proxecto orixinal e na adecuación dos mesmos ó barrio, reseñados anteriormente, o obxectivo para os primeiros seis meses (contratos da Xunta), basicamente, é realizar unha laboura centrada na sensibilización e implicación do barrio co Proxecto.

Paralelamente, débese levar a cabo a recollida e elaboración sistemática de datos, de cara a constituir o Consello Social do Barrio e a elaborar, no mesmo, o programa concreto para a posta en marcha da intervención propiamente dita.

Tendo presente a necesidade de conquerir a coordenación entre o Consello Social e o equipo interdisciplinar coas institucións.

Posteriormente, e dada a implicación dos técnicos no proxecto, continuouse coa intervención, traballando voluntariamente ata que hacia finais do 1.988 xurdiron outros novos contratos de seis meses para cinco persoas (tres por parte do Concello e dous pola Xunta).

O estudo da situación social concreta dos barrios realizouse paralelamente ó desenvolvimento das accións programadas dende a Comisión Social a nivel de tres áreas de intervención, intimamente relacionadas entre sí, consideradas prioritarias. Estas áreas son:

Intervención coa Comunidade.-

O obxectivo de constituir o Consello Social do Barrio de entrada, non estaba adaptado a realidade concreta.

Ante esta situación o que se levou a cabo foi a realización de actividades concretas, programadas coas distintas entidades sociais, que foron clarificando na práctica o significado do Proxecto; ó mesmo tempo que se foi creando unha dinámica de actividades e autoorganización social da mocedade.

Por outra banda, esta actividade posibilitou unha laboura de integración de mozos/as en situacion de risco.

Intervención co Eido Escolar.-

A laboura realizada de cara a lograr os obxectivos definidos para esta área con anterioridade, concrétase en levar a cabo un traballo diario no Colexio de EXB de Vite, con toda a comunidade educativa.

Este Centro comprende o colexio Vite I e Vite II, con 42 unidades e máis de 1.000

alumnos. Trátase dun centro masificado, o que trae consigo varios problemas, un importante é que se imparten aprendizaxes moi pouco individualizados que derivan moitas veces en situacións de fracaso escolar.

Nun principio, levouse a cabo unha laboura de sensibilización cos mestres e os pais. Posteriormente o traballo desenvolvido durante este ano neste eido céntrase nos seguintes puntos:

- Pártese dunha fase de observación e toma de contacto co Centro, co fin de coñecer as suas características; laboura feita a base dun contacto diario cos distintos estamentos da comunidade educativa.

- Asistiuse ós Consellos escolares cando se plantexaron temas de interés dende o punto de vista do Proxecto.

- Colaborouse coa APA nas actividades extraescolares, e tratouse de integrar nas mesmas ós alumnos con maiores dificultades.

- Levouse a cabo un traballo diario de detección e seguimento dos rapaces que manifestaban algunha problemática na escola; realizando seguidamente un estudo das causas (sociais, familiares, escolares, etc...) que motivan as mesmas.

- Realizouse unha laboura de asesoramento e colaboración cos pais e mestres en temas relacionados coas diversas problemáticas que presentaban algunhos rapaces na escola.

- Realizouse un traballo cos rapaces en xeneral, de cara a animalos a participar nas actividades realizadas no barrio.

Intervención Familiar

Comenzouse a realizar un traballo de contactar coas familias que presentaban algunha problemática aguda, detectada dende as entidades sociais do barrio ou dende o propio traballo no eido escolar e na rúa. Levouse a cabo unha laboura de orientación coas mesmas.

II.2.3.- RESEÑA DA MEMORIA DO "PLAN DE PREVENCION" NO 1.989.

Partindo da avaliación dos resultados acadados no traballo durante o ano 1.988 elabórase o Programa de actuación para o ano 1.989. Definindo entre os obxectivos a conquerir:

- Acadar unha intervención globalizada nos barrios de Vista Alegre e Vite, implicando as entidades sociais na mesma, facilitando o proceso para que estas asuman o protagonismo do Proxecto.

- Conquerir unha coordenación permanente con outros servicios, tanto do barrio (Centro de Saúde de Vite, Servicios Sociais de Base, centros de ensino, etc.), como da Cidade (Equipo Psicopedagóxico, Unidade Municipal de Atención ós Drogodependentes (U.M.A.D.), Xuices, etc...).

Durante este ano, nos tres meses que coincidiron, no tempo, as cinco persoas contratadas para desenvolver o proxecto, duas viñeron traballando asiduamente en Vista Alegre e Vite. As outras tres iniciaron a intervención no barrio do Castiñeiriño.

Os contratos remataron no mes de marzo. Dende entón, os dous técnicos continuaron o traballo en Vite e Vista Alegre, dun xeito voluntario, ata finais de ano.

Partindo dos obxectivos xerais e da metodoloxía definidos de partida, de cara a lograr os obxectivos marcados para este ano, estes concrétanse nas distintas áreas de intervención de que consta o proxecto. Ambitos que están estreitamente relacionados a nivel do que é a intervención no barrio.

Intervención coa Comunidade.-

A este nivel unha das prioridades era a constitución do Consello Social. Nesta perspectiva levouse a cabo unha laboura de dinamización, apoio e colaboración de cara a que as distintas entidades desenvolvesen actividades de caracter social, e a que estas fosen organizadas conxuntamente entre todas, o que na práctica significaba ir creando o Consello Social, ou Coordenadora de barrio, que dende o punto de vista do Plan resultase o pilar básico do traballo preventivo.

Un paso importante, foi lograr que o Consello de Goberno da Residencia universitaria do Burgo se integrara activamente na dinámica do barrio potenciando a realización das actividades, asi como ofertando os recursos dos que dispoñen.

Outro punto a resaltar é a disponibilidade, do equipo técnico do Centro de Saúde de Vite e de membros do Colexio de EXB "Vite", de cara a traballar dun xeito coordenado tanto

cos traballadores do "Plan" como coas entidades veciñais.

Deste xeito constitúese a **Coordenadora de Barrio** de Vista Alegre-Vite, integrada, nun principio polas Asociacións de Veciños e as Asociacións Xuvenís dos barrios de Vista Alegre e Vite; a Asociación Deportiva "Burgo das Nacións"; a APA do Colexio de EXB; a Asociación Cultural "Burgo das Nacións"; o Centro de Saúde de Vite; o Director do Colexio de EXB "Vite"; e o Consello de Goberno do Burgo.

A Coordenadora, dende o punto de vista do Plan, realiza as funcións de Consello Social, en relación coa planificación e seguimento do traballo. Cumplindo un papel fundamental, ademais, na estructuración social dos barrios.

A este nivel o obxectivo era que o maior número de actividades fosen programadas dende a Coordenadora, co fin de facilitar a interrelación necesaria entre os distintos grupos de poboación de cara a lograr unha acción globalizada e solidaria que permita a integración de todos na dinámica social dos barrios. Obxectivo que en gran medida se foi logrando paulatinamente.

Por outra banda dende o "Plan" continúase mantendo xuntanzas e colaborando coas entidades que realizan actividades específicas. Potenciando que nas mesmas colabore a Coordenadora no seo conxunto polo mesmo motivo anterior.

Por primeira vez, celebrouse este ano o Antroido conxuntamente entre os barrios de Vite e Vista Alegre. Foi a primeira experiencia de cara a constitución da Coordenadora.
É de resaltar o positivo que resultaron actividades como a "charanga" montada no antroido entre as Asociacións dos dous barrios, ou as saídas de merenda conxuntas dos membros das entidades da Coordenadora, xa que xeneraron unha maior interrelación necesaria entre as persoas das mesmas.

A mediados do mes de febreiro púxose en marcha un obradoiro de estaño, dirixido as mulleres, que deu paso a outros posteriores de diversas manualidades; co cal o que comenzou sendo unha actividade puntual, convertiuse en continuada para un grupo de 30 mulleres. Esta actividade, que xa de por sí é interesante, resulta importante de cara a integrar na mesma a mulleres que están vivindo problemáticas sociais agudas. Problemáticas que, en moitos casos, repercuten ou poden repercutir a corto plazo nos seus fillos.

Os problemas, xa vellos, de incompatibilidades entre membros das Asociacións de Veciños de Vista Alegre saen a luz constantemente. Ante esto, dende o Plan óptase, de principio, por seguir propiciando a coordenación con eles en base a realización de actividades concretas.

Por outra banda, en todo este proceso constátase que tanto as problemáticas sociais como o ritmo de desenvolvimento social dos dous barrios son diferentes, fundamentalmente co que é o barrio antiguo de Vista Alegre.

Estas cuestións fan que a propia práctica vaia adecuando a intervención ás orientacións metodolóxicas de partida en relación coa importancia da territorialidade definida da comunidade. Deste xeito, cara a finais do ano, a Coordenadora, e por conseguinte a intervención dende o Plan, vaise céntrando no barrio de Vite.

Con posterioridade intégranse na Coordenadora de Barrio o Instituto de Bacherelato "Xelmirez II" e a Sociedade Deportiva "Vite".

Nos derradeiros meses deste ano na Coordenadora detéctase a necesidade de espacios onde profundizar nas liñas xerais de actuación definidas na mesma. Onde se poida profundizar no debate sobre temas concretos e facer unha planificación e seguimento das actividades concretas dun xeito mais meditado. Con esta idea comenza a madurarse a posibilidade de crear diversas Comisións de traballo dentro da Coordenadora, compostas por membros de todas as entidades da mesma e abertas a incorporación de todolos veciños interesados.

Intervención co Eido Escolar.-

A laboura diaria no Colexio, comenzada no curso anterior (87-88) e continuada no curso 88-89, permitiu, coñecer a situación do Centro; contactar cos rapaces, facer o seguimento dos máis problemáticos e traballar na súa integración; en definitiva garantir que os obxectivos propostos nesta área cheguen a conquerirse.

Esta actuación, considerada básica no desenvolvimento do Proxecto, fundamentalmente no nivel de prevención, e centrada nos puntos citados anteriormente, en liñas xerais concretouse no seguinte:

* Cos Alumnos:

- Fomentouse a súa participación nas actividades organizadas tanto dende a APA como dende o barrio.

- Realizouse o seguimento dos rapaces que deixan a EXB sin o graduado escolar. Intentando que conqueriran, dependendo dos casos, algunha saída escolar, laboral, ou integralos na dinámica da Comisión de Mozos contra o Desemprego. Evitando por todos os medios que se quedasen na rua, sin facer nada, positivo.

- Levouse a cabo a detección e seguimento dos alumnos que presentaban algunha problemática escolar, colaborando co Equipo Psicopedagóxico na intervención.

- Detectados rapaces con forte problemática social e familar, que estando en edade escolar, estaban sin escolarizar, facilitouse a súa escolarización, tendo contactos tanto coa familia como co Colexio, e facendo o seguimento dos mesmos ó longo do curso.

- En relación ó absentismo escolar, detectárose varios casos, analizando as súas causas e apostando pola integración do neno e a súa familia no contexto escolar.

* Coa A.P.A.:

- Tendo en conta que o Claustro de profesores tiña tomado a decisión de non realizar actividades complementarias, potenciouse a organización das mesmas por parte da APA, colaborando na súa realización.

- Promoveuse unha maior participación dos pais no Centro. Facilitando asesoramento sobre temas pedagóxicos, innovacións educativas, etc...

* Cos profesores:

Partindo de que as esixencias e aportacións que a escola lle plantexa ó neno, e que condicionan en boa parte a súa adaptación, non se producen de forma arbitraria, senón que son o resultado dunha serie de condicionamentos que a escola recibe, e da resposta que como conxunto é capaz de producir. Para ir superando, na medida do posible, algúns dos efectos segregadores e marxinadores da institución escolar, plantexáronse, co profesorado temas de interés pedagóxico, tanto a nivel individual como nas reunións para intentar dar alternativas as problemáticas que algunhos nenos manifestan na escola.

Con respecto ó obxectivo xeral - definido para esta área de actuación no Plan Socio Comunitario- de lograr a coordenación necesaria entre os axentes da comunidade educativa, implicándonos e comprometéndonos todos nun proxecto común: Unha escola activa e socializada, o Plan de Centro é un pilar importante debido a que:

* No mesmo señálanse aspectos innovadores, que posibilitan grandes melloras na calidade do ensino:

- Creación de novos Departamentos (de Orientación; de Formación do profesorado; de Normalización lingüística; de Actividades dramáticas e musicais; de Plástica, Biblioteca e Prensa).

- Conquerir os obxectivos mínimos educativos elaborados polos departamentos e análise periódica dos mesmos, informando delo ó Claustro e ó Consello Escolar.

- Introducir e/ou potencia-lo uso de novas tecnoloxías (emprego do video con fins educativos, informática, etc...).

En relación co obxectivo xeral de conquerir unha maior interrelación entre a escola e o barrio, logrouse a incorporación de membros dos distintos estamentos da comunidade educativa a dinámica social do entorno no que está o centro. Neste senso a APA e o novo Director do centro participaron activamente na Coordinadora do barrio dende o seu nacimento.

Intervención continuada cos mozos/as en situación de risco social.

A situación crítica de moitos mozos dos barrios de Santiago, descrita anteriormente, agudízase no noso barrio cualitativamente debido as condicións socio-económicas do mesmo; e cuantitativamente pola propia estructura poboacional, na que a mocedade representa un alto porcentaxe.

Por este motivo dende o "Plan" incídese máis, durante este ano, na laboura de prevención secundaria e no nivel de reinserción.

A parte dos "casos", detectados xa polos traballadores do "Plan" dende o Colexio, tanto o ano anterior como durante este, -rapaces, na súa maioria de 14-15 anos, que abandonaban o centro escolar durante o curso, ou ó remate do mesmo sin o Graduado Escolar e sin posibilidades de incorporarse ó mundo laboral- dende primeiros de ano contáctase con "pandas" de mozos/as que pasaban o día "vivindo a rúa", fundamentalmente nas zonas de Guadalupe e Belén.

A Asociación Xuvenil "Vite" colaborou dende un comenzo facilitando datos, etc...; e mostrou un grande interés en traballar na percura de mellorar esta situación da mocedade do barrio.

Esta Asociación, coa colaboración dos traballadores do "Plan", covocou unha asamblea de mozos/as parados, celebrada a finais do mes de Febreiro.

A convocatoria tivo unha boa acollida no barrio, onde se fixo personalmente apoiando a distribución pública dun triptico explicativo dos motivos e obxectivos da mesma.

Os acordos tomados nesta asamblea marcarán as directrices da actividade posterior a nivel do traballo cara a inserción laboral da mocedade do barrio. Estes foron os seguintes; acompañados dun análise do desenvolvimento dos mesmos ao longo do ano:

A.- Constituir a ***Comisión de Mozos contra o Desemprego***, como entidade autónoma da Asociación Xuvenil de Vite, que fose o instrumento aglutinante de todo-los interesados en buscar unha saída laboral; o organismo responsable de toda-las accións posteriores a este nivel.

O funcionamento da Comisión debía ir encamiñado á distribución de tarefas e responsabilidades entre os seus membros. Deste xeito, os mozos a sentirán como algo propio co que identificarse e sentirse partícipe. Resultàndolles unha experiencia formativa da súa madurez e educativa para o futuro.

B.- Por en marcha un Obradoiro de manualidades, coa intención de vender as producciónS do mesmo para sacar unhos cartos memtras nos se dispoñía de algo máis sólido.

Este Obradoiro comenza a funcionar de xeito inmediato, dirixido por un membro da directiva da Asociación Xuvenil, que leva o peso do mesmo, dedicándolle todo o día dun xeito voluntario. Os traballadores do "Plan" limitáronse practicamente a facer o seguimento dos rapaces con maiores problemas de integración ou adaptación ó mesmo.

Durante os meses que veu funcionando non recibiu ningún tipo de apoio da Administración. A Editorial S.M. concédelles unhas becas, que foron un estímulo importante para os mozos.

A mediados de Xullo, remata a experiencia do Obradoiro como tal, fundamentalmente por falla de local onde instalarse.

Durante este periodo púxose un posto de venta no centro da Cidade. A maior parte das veces quedou no intento debido ós atrancos do Concello. Os ingresos foron escasos en relación co traballo desenvolvido. Deste xeito o incentivo económico lóxico polo traballo estivo bastante mermado.

Para o reparto das ganancias no Obradoiro cada rapaz anota as horas que traballa diariamente. En base a esto, e primando a aqueles que asisten todolos días, a finais de semán faise un reparto tanto das becas como do recaudado nas ventas.

C.- Constituir o "***Grupo Chapuzas***" dentro da Comisión, adicado, en principio a todo tipo de arranxos de bicis e persianas. A finais de Maio comenzou a funcionar, formado basicamente por rapaces que iban abandonar a EXB nese curso, sin o Graduado. Ao longo do ano, coas novas incorporacións de rapaces e con novos apredizaxes, ampliouse o tipo de arranxos á calqueira chapuza doméstica.

D.- Demandar do Concello que solicitase do INEM un cursiño de serigrafía para a Comisión, coa idea de montar posteriormente unha cooperativa; e que contara con algún membro da Comisión no cursiño de reciclaxe de papel de cara a poder integrarse logo na empresa que o Concello tiña en perspectiva montar por aquela época.

En principio, o retraso na posta en marcha dos mesmos, e posteriormente, a falla de adecuación da oferta de cursiños á demanda feita dende a Comisión (non puxeron en marcha nin o cursiño de serigrafía nin o de reciclaxe), fixo que o INEM a través do Concello fose un recurso practicamente inoperante, salvo en contadas ocasións.

E.- Solicitar da Xunta de Galicia un Pre-taller de serigrafía para os rapaces de 14 a 16 anos que non podían entrar no cursiño do INEM pola edade; coa intención de poder integrarse na cooperativa.

Esta iniciativa foi moi interesante, pois permitiu aglutinar a un número importante de rapaces, moitos deles, na actualidade siguen animados traballando cada vez con maior experiencia na percura dunha saída laboral. Algunhos, poucos, ao longo deste tempo, conseguiron traballo en distintas empresas.

Por outra parte foron comenzando a participar na dinámica social do barrio. Unha actividade especialmente interesante, dende este punto de vista, resultou a plantación de árbores no Polígono feita durante a Festa do Arbore celebrada no mes de Abril.

O funcionamento da Comisión na práctica xirou, sobre a marcha, dependendo do punto máis activo en cada intre, nun principio en torno ó Obradoiro e posteriormente sobre o Grupo Chapuzas, pero sin lograr unha dimánica propia da Comisión como tal, autónoma da Asociación Xuvenil. Dinámica na que tampouco os traballadores do "Plan" poideron incidir. Neste senso non foi todo o educativa que se pretendía dende o "Plan"; polo menos non o foi dun xeito inmediato, dende o seu comenzo, tal como estaba planificado.

No Grupo "Chapuzas" notouse especialmente a falla dunha distribución de traballo e responsabilidades dentro do mesmo, que unido a falla de autonomía respecto da Asociación Xuvenil marcou a súa dinámica durante todo o ano.

Os traballadores do "Plan" viñeron facendo unha intensa laboura diaria cos rapaces na rúa, complementaria da realizada cos rapaces no eido escolar, que a partires de contactar previamente con eles e ganarse a súa confianza, intentaron ir modificando a súa actitude, de cara a ir facilitando a súa integración paulatina na dinámica do barrio, nas súas actividades.

Dependendo dos casos, tratouse de lograr a súa reintegración na escola ou a súa participación diaria na Comisión de Mozos Contra o Desemprego. Os resultados poden considerarse esperanzadores, ainda que o camiño é longo, e non debemos esquencer que é unha laboura a facer entre toda a poboación e dende todolos eidos para que resulte real.

Intervención individualizada e familiar.

A intervención máis individualizada levouse a cabo con rapaces, contactados tanto no Colexio como na rúa, que presentaban fortes problemáticas sociais ou familiares.

Os rapaces da rúa, en xeneral, sufren unha forte inadaptación social, teñen problemas de delincuencia e drogadición, e durante este ano, pasaban sistemáticamente pola Comisaria e o Xuzgado, e en algúns casos pola Cadea.

Nos momentos en que os rapaces están detidos, tense chegado a compromisos personais con eles que, en bastantes casos serviron para que se integraran na Comisión de Mozos, ou pasaran unha tempada sin delinquir; esto deuse, fundamentalmente, no momento de pasar ó Xuzgado, debido a estreita colaboración mutua entre os traballadores do "Plan" e os Xuices.

Houbo un periodo, de marzo a xuño, que se produciron bastantes casos de absentismo escolar prolongado, e que na súa maioría se integraban de xeito inmediato nas "pandas", fundamentalmente na de Guadalupe. Por aquelas datas, os traballadores do "Plan" tiñan xa contacto casi permanente con ela, o que permitiu actuar con rapidez e bastante eficacia.

A intervención familiar centrouse en proporcionarlles as familias dos rapaces/as, cos que se viña facendo diariamente un seguimento, o apoio necesario para que colaboraran na saída ou na evitación do problema.

Levouse a cabo, dependendo dos casos, pero na maioría das ocasións tendo contactos periódicos coas mesmas, fomentando a comunicación e o entendimento, na medida do posible, entre pais e fillos e facilitándolles información dos recursos posibles, tanto comunitarios como institucionais, en colaboración, fundamentalmente, coa asistente social do Centro de Saúde de Vite.

Desenvolvendo este traballo obsérvase que, nos casos en que a familia vai respondendo, a situación ten moitas posibilidades de irse solucionando. E que, por outra banda, en moitos casos, a situación familiar é tan problemática que se bota en falla a diario a apertura da Casa de Acollida en Santiago, como medida imprescindible para lograr unhos resultados máis positivos.

III.- PLAN SOCIO COMUNITARIO DE PREVENCION E REINSERCION DO BARRIO DE VITE.

A falla de apoio decidido, por parte do Concello, ó "Plan de Prevención", posta de manifesto ó longo da súa historia, vese agravado dende os primeiros meses do 1.989. Ata o punto de que chegamos a conclusión, non xa de que non lle interesa apoialo, senón de que ten interés en intentar que non continúe.

Ante este panorama, e debido ó frutífero desenvolvimento do "Plan" no barrio, no mes de Febreiro do ano 1.990, os veciños decidimos asumir a responsabilidade total da continuidade da experiencia, afrontando cos nosos cartos os gastos, en concreto a contratación de dúas persoas que garantizasen a continuidade da laboura emprendida, mentras intentamos conseguir subvencións para facerlle frente a súa continuidade, pois, evidentemente doutro xeito non poderá seguir por máis tempo.

Este proxecto, é pois, a continuación do "Plan de Prevención e Tratamento da Delincuencia Xuvenil"; é fruto da concreción práctica do seu desenvolvimento no barrio de Vite. Sigue na percura dos mesmos obxectivos xerais e coas súas mesmas liñas metodolóxicas de actuación.

Partido desta orientación, e chegado este momento, entendemos que non debe existir unha organización funcional propia do Proxecto para o seu desenvolvimento. Xa que este pode, e debe, asentarse na propia estructura organizativa veciñal, aproveitando os recursos e o potencial existente. Nesta perspectiva o organismo de decisión do "Plan Socio Comunitario de Vite" é a ***Coordenadora de Barrio de Vite.*** Na mesma defínense as liñas de actuación, realízase o seguimento da intervención e valóranse os resultados acadados.

Coa mesma idea, o equipo interdisciplinar, necesario na intervención, non debe ser un equipo exclusivamente dos directamente contratados para desenvolver o Proxecto, pois resulta moi valioso aproveitar os recursos existentes e traballar en equipo con outros profesionais que están incidindo en diversas áreas dentro do barrio. E tendo presente que tanto os técnicos como os veciños deben estar na mesma estructura orgánica do barrio.

III.1.- MEMORIA DO PLAN SOCIO-COMUNITARIO NO ANO 1.990

Partindo dos obxectivos xerais definidas no programa para este ano, cos que nos plantexábamos potenciar ainda máis o nivel preventivo priorizando o traballo coa comunidade e co eido escolar, seguindo as liñas metodolóxicas do traballo social comunitario conscentes da importancia fundamental, tanto da implicación de todo o barrio nesta tarefa, como do papel da propia escola. Inda que esto non implica esquencer a laboura cos rapaces xa en situación de risco social e a intervención individualizada e familiar; o que ven a completar as catro áreas de actuación xa definidas no "Plan de Prevención e Tratamento da Delincuencia Xuvenil", cuia concreción practica no noso barrio deu lugar o actual **"Plan Socio Comunitario de Prevención e Reinserción do Barrio de Vite"** (PSCV).

Durante este periodo, viñeron traballando no desenvolvimento do programa, acarón dos veciños e técnicos dos diversos servicios que traballan no barrio implicados co Proxecto, dous profesionais do PSCV, contratados pola Asociación de Veciños "Polígono de Vite", co apoio decidido por parte da Coordenadora de Barrio no seu conxunto.

Nos meses de Octubro e Novembro notificousenos a concesión de duas subvencións; unha da Consellería de Traballo e Servicios Sociais, e outra da Consellería de Sanidade que implica a incorporación do PSCV no Plan Autonómico sobre Drogodependencias (PAD).

A partires deste momento, e contando co forte nivel de organización funcional do que dispón o barrio, comenzamos un proceso de análise e programación con perspectivas a medio plazo, cousa que non podíamos realizar anteriormente dada a incertidume das posibilidades de continuar co PSCV, o que nos impedía poñer en funcionamento proxectos concretos de certa embergadura que sería moi negativo para o barrio inicialos e que logo se quedasen cortados.

Deseguido analizamos o desenvolvimento do programa por áreas de intervención:

INTERVENCION COA COMUNIDADE

A este nivel o traballo centrouse na consolidación definitiva da **Coordenadora de barrio** como órgano básico e decisivo na estructuración social do barrio e no propio desenvolvimento do PSCV.

A principios de ano constitúense catro **Comisións de traballo da Coordenadora de Barrio:** Cultural, de Ensino, de Deportes, e de Saúde; integradas por membros das entidades da Coordenadora máis directamente implicadas en cada tema; coa inclusión, en cada unha, dun dos contratados. Estando abertas a incorporación de todo-los veciños que a nivel individual queiran ir integrándose.

En cada Comisión nombrouse un membro responsable da mesma, que coordina o seu funcionamento. Como tal participa nas xuntanzas da Coordenadora.

O longo destes meses de funcionamento cada unha delas foi collendo a súa dinámica, foi adquirindo un ritmo de traballo propio, que ademais de realizar accións reivindicativas por problemas puntuais, permitiu desenrolar unha importante actividade no barrio, que comentaremos posteriormente.

A nivel da **Coordenadora de Barrio**, coa posta en marcha destas comisións foise perfilando o seu funcionamento. Na actualidade esta ten asumidas as suas funcións. Deste xeito as xuntanzas da mesma fóronse espaciando no tempo, quedando fixadas unha cada trimestre, de xeito ordinario.

Apareceu a necesidade de alguén que se dedicase a facer a laboura de coordenación; función que ven realizando o personal contratado.

Tamén se definiron millor as funcións deste organismo, quedando, en liñas xerais, nas seguintes:

- Definir e planificar as liñas xerais da actuación conxunta en cada intre.

- Elaborar os programas de actuación do Plan Socio Comunitario de Prevención e Reinserción, facer o seu seguimento e avaliación.

- Coordinar a actividade das distintas comisións de traballo.

- Ten a responsabilidade das relacións con organismos similares de outros barrios e coas institucións.

- Levar a responsabilidade das finanzas, prensa e propaganda de toda a súa actividade.

As xuntanzas desta, están abertas a participación das persoas interesadas, tanto do barrio como de fora, - sempre que o comuniquen previamente, por motivos de operatividade no seu funcionamento- e dun xeito especial a toda a xente que fixo posible o nacimento e posterior desenvolvimento do "Plan de Prevención e Tratamento da Delincuencia Xuvenil en Compostela", os cales continuan colaborando decididamente con nós.

Durante este ano 1.990 fóronse producindo novas incorporacións a dinámica de traballo, tanto de veciños a nivel individual, como de novas entidades que veñen traballando no barrio. É de destacar o nacimento, e a sua incorporación á Coordenadora de Barrio, da Asociación de Axuda ós Presos "Pre-S.O.S.", constituida por mozos que recentemente saíron da cadea, e que están a xogar o papel de exemplo, que foron sempre de cara ós rapaces en situación de risco social, pero neste caso é un **exemplo en positivo** de moitísima importancia.

Estívose traballando na constitución dunha asociación de mulleres no barrio, que ten todas as perspectivas de ser unha realidade nos primeiros meses do ano 1.991.

A **Coordenadora de Barrio** está constituida na actualidade por membros das seguintes entidades:

Agrupación Cultural e Deportiva "Burgo das Nacións",
Asociación de Axuda ós Presos "Pre-S.O.S.",
Asociación "Chavós",
A.P.A. do Colexio de EXB de Vite,
Asociación de Veciños "Polígono de Vite",
Asociación Xuvenil "Vite",
Centro de Saúde de Vite,
Colexio Público de EXB de Vite,
Instituto de Bacherelato "Xelmirez II",
Residencia de Estudantes "Burgo das Nacións" e
Sociedade Deportiva Vite.

Constatouse a non disposición por parte do Concello de Santiago de cara, tanto a integración dos profesionais do Departamento de Benestar Social Municipal na Coordenadora de Barrio, como na actuación coordenada de estos co PSCV.

A **Comisión Cultural** está na actualidade formada por membros de: Asociación de Veciños "Polígono de Vite"; Asociación Xuvenil "Vite"; Asociación "Chavós"; Agrupación

Cultural "Burgo das Nacións"; APA do Colexio de EXB "Vite"; Comisión Cultural do Consello de Goberno do Burgo; ademais de veciños interesados, a nivel individual. Reúnese ordinariamente os primeiros e terceiros Mércores de mes.

Proponse traballar na dinamización socio-cultural do barrio, potenciando a cultura participativa e popular, a creatividade e as facultades artísticas innatas de moitos veciños, fundamentalmente mozos/as, posibilitando o potenciamento das mesmas. Cuestión que, aparte da súa importancia en sí mesmo, resultará fundamental en certos casos que ademais poda significar un aliciente para sair de outro tipo de "actividades" máis peligrosas, ou en moitos outros casos prevenilas.

As actividades desenvolvidas ó longo deste ano centráronse na organización da celebración de datas puntuais: Antroido, Festa Ecolóxica, Letras Galegas, San Xoan, Magosto e Festas de Nadal e Reises; e na colaboración nas demais actividades programadas por algunha das entidades da Coordenadora.

O resto da actividade, unha vez posta en marcha a comisión, definidos os seus obxectivos e funcionamento, centrouse en traballar nos preparativos para editar, mensualmente, un periódico do barrio; na elaboración dun Panel do barrio, explicativo do organigrama funcional, dos servicios, das entidades, etc... do mesmo; na elaboración e distribución por todas as vivendas dun almanaque que ó mesmo tempo leva unha explicación sobre a Coordenadora e as Comisións de traballo; Outro proxecto concreto que se elaborou coa intención de darlles continuidade as actividades foi o Proxecto "Aula Aberta de Educación", o cal non demos posto en funcionamento por falla de recursos económicos a pesares das xestións realizadas.

Este proxecto cèntrase en actividades artísticas, culturais e recreativas, comenzando coa posta en funcionamento de varios obradoiros. Estos, deben funcionar dun xeito continuado, permitindo dar cabida a todo-los rapaces con estas inquietudes que esisten xa. Fomentando, tamén, que as mesmas xurdan en moitos outros.

Promovendo, paralelamente, que a partir dos obradoiros se constituan grupos estables de cada actividade.

Estas actividades, en principio son: Programa de Medios de Comunicación: Prensa e Radio; de Educación Medio-Ambiental; de Medios Audio Visuais; de Artes Plásticas; de Poesía-Narrativa; de Artes Dramáticas-Teatro-Mimo; de Videos e Xogos educativos.

A **Comisión de Ensino** está formada por membros de: Asociación de Veciños "Polígono de Vite"; Asociación Xuvenil "Vite"; Colexio de EXB "Vite"; Instituto de Bacherelato "Xelmirez II"; APA do Colexio de EXB; ademais de veciños interesados, a nivel individual. Reúnese ordinariamente os primeiros Xoves de cada mes.

Na mesma, trabállase, coa idea de que o ensino é un dereito de todos, potenciando a

elevación do nivel cultural dos veciños e fomentando a necesaria interrelación entre os centros de ensino e o barrio.

Logo da súa posta en marcha e unha vez definidos os seus obxectivos e funcionamento, coménzase elaborando e difundindo unha enquisa para coñecer os temas de maior interés no barrio, en relación co ensino, e as datas e horario de maior preferencia, coa intención de facer posteriormente un ciclo de charlas coa maior participación posible.

Durante os últimos meses viñéronse organizando mensualmente ditas charlas, acompañadas en certos casos con publicacións e en coordenación coas actividades propias do Colexio. A este nivel o exemplo máis palpable de esto foi a Charla sobre "Saídas o deixar a EXB" dirixida ós pais, que estuvo precedida da distribución dunha publicación explicativa, elaborada e editada pola comisión, e feita ó mesmo tempo que dende o Colexio se daba esta información ós alumnos nas aulas.

Coa intención de darlle continuidade a estas actividades de caracter formativo e informativo a nivel xeral, sobre temas de interés en cada intre, elaborouse un proxecto de cara a por en funcionamento unha Escola de Adultos no barrio. Na actualidade estamos facendo as xestións para tratar de logralo.

Os obxectivos desta Escola son os seguintes:

- Ofertar canles de formación a todas aquelas persoas que por diferentes motivos (laborais, culturais, autorrealización persoal, etc...) queren seguir o seu proceso de formación.

- Alfabetizar ao maior nùmero posible de veciños do barrio que o precisen.

- Promocionar e crear bases instrumentais que revirtan nunha millor calidade de vida.

Tràtase dun recurso, que se articularà cos outros recursos do barrio, co fin de facilitar un traballo de desenvolvimento comunitario.

Outras actividades que se teñen previstas son: Intentar poñer en funcionamento, un Comedor social, xestionado pola propia comunidade. Lograr que a Biblioteca do Colexio de EXB poida estar aberta ó barrio fora do horario escolar. Etc...

A **Comisión de Deportes** está formada por membros de: Asociación de Veciños "Polígono de Vite"; Asociación Xuvenil "Vite"; Agrupación Deportiva "Burgo das Nacións"; APA do Colexio de EXB "Vite"; Sociedade Deportiva Vite; ademais de veciños interesados, a nivel individual. Reúnese, de xeito ordinario, todo-los primeiros Luns de cada mes.

Xurde co obxectivo de aglutinar esforzos para lograr o desenvolvimento de toda-las actividades deportivas do barrio dun xeito coordenado, partindo dun plantexamento unificado e global, tanto das actividades no propio barrio como na participación nas de fora. Tendo presente que todas son importantes como accións preventivas e formadoras da mocedade, en especial, e de todos en xeral.

O traballo que se veu facendo durante estes meses, centrouse fundamentalmente en clarificar e unificar estos plantexamentos a hora de levalos a práctica.

A **Comisión de Saúde** está formada por membros de: Asociación de Veciños "polígono de Vite"; Asociación Xuvenil "Vite"; Asociación de Axuda ós Presos; Centro de Saúde de Vite; APA do Colexio de EXB de Vite; ademais de veciños interesados, a nivel individual. Reúnese ordinariamente todos os segundos Martes de cada mes.

O seu campo de acción abarca todo o referente á saúde comunitaria. Traballando na percura dun barrio máis sano, entendendo a sanidade dende o punto de vista da saúde, non da enfermedade.

Planificar e desenvolver programas de educación para a saúde, dende o punto de vista preventivo; intervir nas condicións de medio ambiente e infraestructura do barrio; etc... son funcións desta comisión. As campañas divulgativas de caracter informativo e formativo sobre estos temas son, a este nivel, básicas.

Neste senso, iniciouse unha dinámica de charlas dirixidas fundamentalmente as amas de casa, elaborando un listado de temas de interés entre os asistentes, na primeira que se celebrou.

Elaborouse e distribuise polas vivendas un triptico, explicativo das características, plantexamentos de traballo, funcións, etc. do Centro de Saúde, coa intención de lograr que os veciños se familiaricen co Centro, participen, e comprendan a importancia de velo como algo propio do barrio e ò seu servicio, o que non resulta fàcil pola experiencia de cada quen con respecto a sanidade en xeral.

Realizouse un traballo de análise da situación das fontes do barrio en relación coa potabilitade da auga, a raiz de detectar enfermedades posiblemente derivadas da contaminación das augas. Enviouse ó Concello demandando solucións para diversas deficiencias no tema.

Nos últimos meses do ano traballouse na preparación dunha campaña para profundizar na educación sanitaria escolar, e tamén nos preparativos para colaborar dende o barrio, na Campaña anti-sida, prevista polo Comité Anti-sida a nivel da Cidade. Etc...

INTERVENCION CO EIDO ESCOLAR

Durante o curso 1.989-90 avanzouse dun xeito considerable cara a consecución dos obxectivos propostos de partida para esta área no Proxecto orixinal.

Conqueriuse unha maior interrelación entre o Colexio de EXB e o Barrio. Neste senso, membros da comunidade educativa (Profesores e APA) integràronse na Comisión de Ensino da Coordenadora do barrio, así como, as diversas entidades do barrio colaboran na dinámica do Colexio.

As actividades realizadas dende o Centro coordináronse coas do barrio, colaborando nas mesmas veciños, profesores, pais e alumnos. Deste xeito leváronse a cabo as actividades de preparación e celebración das datas significativas (Nadal, Antroido, Letras Galegas, Festa ecolóxica, Fin de curso, etc..., recollidas na realización dunha revista escolar anual) así como outras con caracter máis continuado.

Colaborouse na posta en marcha e funcionamento do Departamento de Orientación. No cal viñeron traballando os dous traballadores do PSCV en coordinación cos restantes integrantes do Departamento: Profesores, Equipo Psicopedagóxico, profesionais do Centro de Saúde, etc...

Realizouse o seguimento individualizado dos alumnos que presentan diversas problemáticas sociais e familiares e tamén dos que abandonan o centro escolar sin o graduado. Plantexouse un problema de falla de recursos a hora de dar saídas a esas problemáticas, pola cal se solicitou a colaboración económica e de recursos da Consellería de Educación, que respostou negativamente.

É necesario resaltar que, tanto durante o curso 1.989-90 como no primeiro trimestre do curso actual, non se produciron casos de rapaces que abandonasen o Centro de ensino sin rematar os estudios para quedarse na rua, como sucedía en anos anteriores.

No Instituto de Bacherelato "Xelmirez II", logo dos contactos iniciados no curso anterior, comenzouse unha laboura máis continuada, que se concretou en:

- Tratouse de implicar, tanto ós profesores, como os alumnos e os pais, do barrio, na dinámica de actividades do mesmo, e no traballo das comisións da Coordenadora de Barrio.

- Realizouse unha laboura de recollida de datos dos rapaces que ó longo dos derradeiros cursos viñeron abandonando o Centro sin conquerir rematar os estudos. Para

posteriormente detectar a súa situación actual e facer o seu seguimento.

- Fíxose un seguimento dos rapaces/as de primeiro curso que viñan do Colexio de EXB de Vite. En relación cos rapaces/as que remataron no ano 1.990 a EXB, o 90 por 100 continuan estudando (o 70 por 100 está en BUP e o 20 por 100 restante na F.P.), logo hai un número reducido deles que se incorporaron o mundo laboral e un número ainda mais reducido que en principio están na sua casa.

Facemos unha valoración moi positiva destes datos, considerando que o fracaso escolar é un eslabón moi importante na cadea de causas que conducen cara a inadaptación social, que moitas veces leva de seguido hacia problemáticas de delincuencia/drogadición.

- Fíxose o seguimento de rapaces con absentismo escolar.

INTERVENCION CONTINUADA COS MOZOS/AS EN SITUACION DE RISCO SOCIAL.

Continuouse facendo a laboura que se viña realizando con anterioridade, dedicándose en maior medida ó seguimento dos rapaces detectados dende o Colexio. Durante este periodo, o seguimento dos rapaces da rúa fixose dun xeito menos continuado, en relación co ano anterior, motivado pola propia situación dos mesmos.

O absentismo escolar descendeu notablemente ó longo do curso 1.989-90, salvo no caso de varios rapaces xitanos nos últimos momentos do curso.

A "panda" de Guadalupe leva dende os primeiros meses do ano con personal estable, sin novas incorporacións, e moi reducida en número. Os que quedan, son os máis "rodados", están desligados totalmente da actividade da Comisión de Mozos contra o Desemprego e o marxe de todo, salvo as súas "actividades".

A "panda" de Belén, si ven incrementouse en número nos primeiros meses do ano, este foise reducindo ó longo do ano, e quedando o personal máis "selecto". De todo-los xeitos continúa nunha fase de relativa calma.

A Comisión de Mozos polo Emprego, que na actualidade se chama "Formigueiro", pasou nos primeiros meses do ano por unha fase interesante dado que se integraron na mesma mozos con capacidade para tirar dela, e ven funcionando centrada en facilitar información laboral e na búsqueda de saídas laborais.

É de resaltar que a maioría dos mozos/as que formaron parte da Comisión están na actualidade integrados no mundo laboral, moitos deles; e outro grupo nos cursiños do INEM,

que logo de solicitalos dende o barrio, por fin logramos, non que nos concederan para o barrio como nós propoñiamos, pero polo menos que se incluíse este grupo de mozos nos cursos que se puxeron en marcha, ven directamente do propio INEM, ou a través do Concello.

INTERVENCION INDIVIDUALIZADA E FAMILIAR

Continuouse mantendo o traballo cos casos nos que se viña facendo, sin incidir en situacións contactadas de novo, debido a falla de recursos, fundamentalmente da Casa de Acollida, e a priorización do nivel preventivo.

Inda que cada caso ten unhas características propias, incluso en situacións similares as respostas ós condicionantes danse dun xeito distinto, o que fai que resulte dificil falar da intervención en liñas xerais, sí se poden comentar algunhas cuestións importantes:

- En algunhos casos de mozos nunha dinámica "a-social", nos cales a familia do mozo vai respondendo no senso, primeiro de interesarse polo tema e logo de implicarse na búsqueda de saídas, comenzando por ir definindo unhas pautas de comportamento claras co rapaz, os resultados son satisfatorios.
- A maior parte das veces as problemáticas que presentan os rapaces son reflexo dos problemas no seo da familia, e en moitos casos o proceso para que esta situación mellore é moi lento, agravado pola falla de recursos manifesta.

As dificultades de coordinación por parte dos profesionais tanto do PSCV como dos restantes servicios que actúan no barrio, cos Servicios Sociais de Base do Concello foron continuas ó longo do ano, dificultando a realización dunha labor máis eficaz.

A nivel desta área de actuación, faise notar máis a falla dun local estable, como punto de referencia fundamentalmente para familias ás que non chegamos nós directamente.

Compostela, Xaneiro de 1.991

III.2.- MEMORIA DA ACTIVIDADE DURANTE O ANO 1.991

O "*Plan Socio-Comunitario de Prevención e Reinserción do Barrio de Vite*" é, como o seu nome indica, un proxecto de intervención comunitaria, e decir de actuación global e coordenada de todos na estructuración social do barrio nunha perspectiva de camiñar cara ó benestar social mellorando a calidade de vida do conxunto dos veciños. Plantexamento que

permite incidir con maior eficacia nos sectores con problemáticas sociais mais acuciantes.

Deste xeito, os programas concretos de intervención están enmarcados neste horizonte global de actuación, que organizativamente ven definido pola ***Coordenadora de Barrio***; a cal aglutina esforzos e recursos tanto das diversas entidades sociais que actúan no barrio, como dos servicios públicos con que conta o mesmo, exceptuando os do Concello de Santiago.

Constatamos que este prantexamento do traballo social leva consigo certa lentitude nos resultados palpables, sendo dificil, por non decir imposible, cuantificalos en cada intre, si non se fai cunha perspectiva de medio prazo.

Neste senso o ano 1.991 siñificou un grande avance na consolidación efectiva do "Plan" no barrio. Non tanto polo nivel de actividade desenvolvida ó longo do ano, senón polos resultados acadados froito do traballo de varios anos.

Un tema que voloramos como prioritario para este ano 1.991 era buscar alternativas a falla de infraestructura a disposición do barrio. Neste senso foi fundamental no traballo diario en todas-las áreas de actuación o aluguer dun baixo no Barrio; local que veu funcionando cunha intensa actividade diaria, ó longo de todo o ano, como local social do barrio.

DESENVOLVIMENTO DA INTERVENCION COA COMUNIDADE

No barrio ven funcionando dende o ano 1.989 unha estructura organizativa, a ***Coordenadora de Barrio de Vite***, como órgano básico e fundamental tanto na estructuración social do barrio, como no propio desenvolvimento do "Plan Socio-Comunitario".

Dende o seu nacimento ven acollendo paulatinamente as diversas entidades que van xurdindo no barrio. Si na memoria do ano 1.990 falábamos da inportancia da incorporación, ese ano, da Asociación de Axuda ós Presos "Pre-S.O.S.", a comenzos do 1.991 constituese a Asociación de Mulleres "A Lagoa", que xurde con moita forza, integrandose de inmediato na **Coordenadora**, e infundindo novos brios na dinámica do barrio. Incluso fora do barrio, membros desta Asociación colaboraron decisivamente na posta en marcha da Asociación "Estrela" de nais contra a droga de Compostela.

Dentro das prioridades definidas para este ano 1.991 nesta área de actuación estaba fortalecer o nivel informativo e de asesoramento dirixido ós diversos sectores que integran o barrio. A este nivel, o traballo desenvolvido culminará coa posta en funcionamento a comenzos do ano 1.992 dun ***Servicio de Información e Asesoramento*** dirixido a todo-los veciños, que funcionará diariamente de 12 a 14 horas no Local Social da Coordenadora. Este Servicio abranguerá cinco grandes áreas temáticas concretas: Laboral, Muller, Mocedade, Psico-educacional, e Xudicial. Ademais doutro apartado de temas xenéricos que afecten ó barrio.

Outro dos temas prioritarios foi poñer en funcionamento o Equipo de Redacción encargado dos medios de comunicación do barrio. Logo de multitude de traballo, xuntanzas, xestións, etc; por fin esta xa vella aspiración nosa cristalizou dando lugar a que de inmediato saldrá o primeiro número do periódico do barrio "**Curriculum Vite**", que imprimido por El Correo Gallego, terá unha periodicidade mensual. Sendo a actividade prioritaria da Comisión Cultural da Coordenadora para o ano 1.992.

Por último, tal vez o proxecto máis ambicioso destas prioridades era lograr darlle un caracter continuado as actividades socio-culturais-educativas que vimos desenvolvendo puntualmente, para o que pretendíamos levar a cabo o "**Proxecto Educativo do Barrio de Vite**". Este abrangue dous grandes apartados: A Escola Dinámica de Adultos e a Aula Aberta de Educación (programas educativos concretos relativos a actividades culturais, artísticas e recreativas, promovendo a partires, destes obradoiros, grupos estables en cada actividade).

A precaridade presupuestaria limitou en grade medida a posta en funcionamento deste proxecto. De todo-los xeitos, logramos poñer en funcionamento unha parte importante do referido a Escola de Adultos. A Escola comenzou a funcionar neste mes, coa participación de 28 persoas.

En relacion coa outra parte do Proxecto educativo do barrio, o da Aula Aberta de Educación, veu funcionando de xeito puntual, durante este ano un Obradoiro de Medios de Comunicación Social: Prensa e Radio, que era o que estaba en primeiro lugar na orde de prioridades definida para o 1.991.

Nos restantes temas tivemos que limitarnos a facer o que viñemos facendo en anos anteriores, e decir, diversas campañas puntuais dende as distintas Comisións de Traballo da Coordenadora: Xornadas pola Paz, durante unha semán, con diversos actos. Campaña divulgativa sobre o tema do Sida, dirixida tanto ós Centros de Ensino como os veciños en xeral. III Festa ecolóxica do barrio de Vite, con saidas dirixidas fundamentalmente ós nenos. Diversas charlas ó longo do ano sobre temas de interés. Diversos actos na celebracións das festas tradicionais e datas conmemorativas ó longo do ano. Un ano máis editamos o Calendario da Coordenadora para o 1.992, para distribuir por todas as vivendas do barrio. Este ano editamos tamén unhas Felicitacións Navideñas para vender; e tamén unhas participacións de Loteria do Nadal.

DESENVOLVIMENTO DA INTERVENCION CO EIDO ESCOLAR

Nesta área de actuación, durante este ano 1.991, seguiuse a potenciar os puntos desenvolvidos na Memoria do ano 1.990 e considerados prioritarios para este ano, tendo en conta a importancia que teñen os centros ensino dende o punto de vista preventivo de situación que poden derivar en problemáticas sociais.

Durante este ano continuouse traballando con todo-los estamentos da Comunidade Educativa, fomentando a participación dos pais, alumnos e profesores na dinámica dos centros escolares; así como tamén se seguiu potenciando a coordenación dos centros de ensino do barrio (Colexio de EXB e Instituto de Bacherelato), ó mesmo tempo que se implicaban na dinámica do barrio.

Continuouse dinamizando o funcionamento do Departamento de Orientación no Colexio de EXB de Vite, co fin de prever e reducir o fracaso escolar. Durante o curso pasado este Departamento tiña a súa actuación centrada nos alumnos de Quinto de EXB.

Continuouse co seguimento e asesoramento dos alumnos que deixaron a EXB, ben con graduado escolar ou sen el.

Fíxose o seguimento dos nenos/as con absentismo escolar, tratando de motivalos no eido escolar.

DESENVOLVIMENTO DA INTERVENCION COS MOZOS/AS EN "SITUACION DE RISCO SOCIAL".

Facendo unha análise comparativa entre a situación actual e a dunhos anos atrás referida a poboación do barrio inadaptada por diversas problemáticas sociais, constátase un grande avance en positivo que indudablemente ten moito que ven co desenvolvimento do Plan Socio Comunitario no seu conxunto.

Neste senso é moi siñificativo o número de rapaces que lograron unha saída laboral a partires daquela primeira experiencia da "Comisión de Mozos polo Emprego" que a Asociación Xuvenil de Vite puxo en marcha no ano 1.989, e que supuño a integración social de moitos deles.

Outra cuestión evidente e a referente a que na actualidade, nun porcentaxe siñificativo dos casos do barrio de Vite, os mozos son detidos ou reclamados pola xusticia, non por delitos cometidos na actualidade, senón por actos cometidos fai anos.

No referente a este ano 1.991 é necesario resaltar varios temas que están tendo unha gran relevancia nesta área de actuación, e que veñen a ser a plasmación práctica de todo o traballo de varios anos levado a cabo polas persoas implicadas coa Coordenadora de Barrio, e dun xeito especial por membros da Asociación Xuvenil de Vite:

- O paso dado a nivel de alternativas laborais dende aquela primeira Comisión de Mozos polo Emprego ó actual Grupo Laboral "Formigueiro" é unha garantía de éxito como porta de entrada de moitos mozos con diversas problemáticas sociais na dinámica social do barrio, sempre que se logre un maior respaldo da Administración para esta iniciativa.

Esta iniciativa da Asocición Xuvenil de Vite ten sentadas as bases para que esto seña así, dende o momento en que, durante este ano, pon en funcionamento diversos grupos de traballo estables constituidos por mozos/as do barrio xunto con outros da Residencia Universitaria "Burgo das Nacións", creando unha dinámica na que resulta máis facil a incorporación de mozos/as con especiais dificultades e reticencias na súa integración laboral, dada a dinámica na que están acostumbrados a moverse.

- Paralelamente co anterior, o feito de contar no barrio con personas que interrelacionan perfectamente ós membros destes dous mundos, por chamalo dalgunha forma, como son Antonio Iglesias ou Antonio Rial (por citar nomes públicamente conocidos), fai que en Vite falar de reinserción social vaia deixando de ser unha palabra vacía, e comence a ser, para moitos dos mozos con problemáticas sociais do barrio, unha palabra chea de sentido, a pesares das dificultades evidentes neste tema.

- A actividade da Asociación "PreS.O.S." ven facendo unha gran laboura no seguimento, asesoramento e apoio tanto dentro das cadeas como na busqueda de novas alternativas no momento da saída das mesmas de cara a reinserción os "ex-presos". Laboura

intimamente ligada coa anteriormente descrita.

- Por último a laboura de educación na rua e seguimento de mozos/as en situación de risco vese reforzado coa recente contratación por parte da Asociación de Veciños de Antonio Iglesias.

DESENVOLVIMENTO DA INTERVENCION INDIVIDUALIZADA E FAMILIAR

Durante este ano 1.991, no referente a esta área de actuación, por unha banda, a través dos nenos/as que presentaban algunha problemática de inadaptación continuamos coa laboura de asesoramento e orientación implicando-os na dinámica da escola e do barrio.

Por outra banda, en relación coas familias que presentan unha gran desestructuración e fortes problemáticas sociais, a intervención resulta bastante limitada, mantendo os contactos pero sin chegar a grandes resultados, pois como xa comentamos en anos anteriores resulta imprescindible unha Casa de Acollida para nenos/as.

En relación cos casos de Mozos/as xa implicados nunha certa dinámica de delincuencia e drogadición cotinuou-se facendo o seu seguimento en coordenación cos estamentos xudiciais ou penitenciarios, en colaboración coa Asociación "PreS.O.S.", e asesorando ós pais nas distintas fases dos procesos.

RECURSOS PARA O DESENVOLVIMENTO DO PROGRAMA

O principal recurso é sen dúbida a propia comunidade. A organización da comunidade, das diversas entidades aglutidadas na Coordenadora de barrio, aunando esforzos e aproveitando os recursos, tanto humans como infraestructurais, disponibles no barrio.

Un recurso importante a nivel de asesoramento é o Consello Asesor, fortalecido este ano coa incorporación dunha persoa do prestixio de Marco Marchioni.

Tal como comentamos na Memoria do ano 1.991, o feito de contar cun local e un teléfono permanentes foi determinante de cara a asentar definitivamente o proxecto no barrio.

Dependente da Coordenadora ven funcionando un Equipo de Traballo constituido actualmente por catro persoas con dedicación exclusiva no desenvolvimento do Proxecto: E decir as tres que actualmente están contratadas pola Asociación de Veciños "Polígono de Vite", xunto con Francisco Fernandez Del Buey que realiza o seu traballo dun xeito

voluntario.

A distribución do traballo dentro do equipo está definida, tendo en conta que na práctica os compartimentos están interconectados.

Compostela, Xaneiro de 1992

III.3.- MEMORIA DE ACTIVIDADES DO PLAN SOCIO-COMUNITARIO NO 1992

Dende os comenzos da posta en práctica do Proxecto, alo polo ano 1.987, vimos diferenciando tres áreas de actuación: Unha xenérica, con toda a comunidade; outra centrada no eido do ensino, dada a importancia deste tanto no presente como no futuro do barrio; e unha terceira específica, referida, especialmente, ós mozos/as do barrio que manifestan algunha problemática social. O desenvolvimento do traballo en cada área en ningún momento esta aillado das restantes, o contrario. O funcionamento da Coordenadora de Barrio, como organismo funcional, coas súas diversas estructuras, garan-tiza que sempre se manteña a perspectiva de globalidade, posibilitando que o traballo esteña, en todo momento, íntimamente interrelacionado entre todalas áreas de actuación; propiciando ó memso tempo a sensibilización e a implicación de moitos veciños.

Constatamos que este prantexamento do traballo social plásmase nun proceso social que leva consigo certa lentitude para acadar resultados palpables, sendo dificil cuantifica-los en cada intre, si non se fai cunha perpestiva de medio prazo. Tamén resulta evidente que é un proceso con multitude de dificultades en sí mesmo, que se ven agravadas polo feito de que dende as institucións administrativas non se potencia decididamente ou, en certos casos, incluso se boicotea.

Na valoración do ano 1.991 falabamos do asentamento do proxecto no barrio, e do pulo que este cobrou co aluguer dun local no barrio que veu funcionando cunha intensa actividade diaria como local social do barrio, o que permitiu avanzar considerablemente no traballo cotidián en todalas áreas de actuación definidas, plasmando o froito do traballo de varios anos, no camiño de que as actividades non fosen, tanto, organizadas dun xeito puntual, senon que, fundamentalmente, tivesen continuidade.

Froito deste nivel de consolidación acadado, a pesares de que tampouco contamos con ningún apoio específico dende a Administración, durante o pasado ano 1.992 logrouse poñer en funcionamento unha parte importante das actividades con caracter continuado proxectadas xa dende hai anos e moitas aplazadas debido a resultar materialmente inviables.

Desglosaremos deseguido as actividades desenvolvidas nas áreas de actuación definidas:

ACTUACION COA COMUNIDADE

Dentro das prioridades definidas para este ano 1.992 nesta área de actuación, primando a perspectiva da continuidade, estaba fortalecer o nivel informativo e de asesoramento dirixido a toda a poboación do barrio.

* A este nivel o traballo desenvolvido en anos anteriores cristalizou no presente coa posta en funcionamento do **Servicio de Información e Asesoramento**, que ven funcionando diariamente de 12 a 14 horas de luns a venres, e de 20 a 22 horas os venres, no Local Social da Coordenadora de barrio.

* A **"Escola Dinámica de Adultos"**, era un vello proxecto que tiñamos paralizado dende fai máis dun ano, debido a que fracasaron as múltiples xestións realizadas, manifestándose unha total falla de apoio por parte da Administración para sacalo adiante. A pesares de seguir sin ese apoio, e con moitas limitacións con respecto ó proxecto orixinal, logramos poñela en marcha no mes de Xaneiro deste ano 1992, considerando que era un tema prioritario, debido a demanda existente e valorando a súa importancia, tanto en sí mesma, como no contexto global. Para elo tivemos que tomar a decisión de que unha das persoas contratadas para o desenvolvimento xeral do Plan lle dedicase parte do seu tempo, en detrimento doutras cuestións que viña realizando con anterioridade.

A Escola comenza a funcionar en Xaneiro, ata Xuño, nos locais que viña utilizando a APA do Colexio de EXB de Vite, retomando a súa actividade no mes de Outono, a partir de entón no Local Social da Caoordenadora de Barrio, debido a que os pabellóns do Colexio onde tiña lugar anteriormente foron derribados. Dende un principio tivo moi boa acollida e participaron na mesma entre 25 e 30 persoas, mulleres na súa totalidade, cun nivel de coñecimentos moi heteroxeneo, distinguíndose dende un principio dous grupos claramente diferenciados, que acuden a Escola tamén con diferentes motivacións: Un grupo asiste coa idea de aprender a ler e escribir, e outro no que o seu interés fundamental era millorar ou adquirir coñecimentos xerais, algunha coa pretensión de sacar o Graduado Escolar, etc.

Todas elas, a medida que van satisfacendo as súas espectativas iniciais, van descubrindo necesidades novas, a nivel cultural, de aplicación na súa vida cotidián, o que contrubuiu a incrementar o seu interés pola continuidade da Escola. Por outra parte, serviu para que medrara a súa sensibilidade e implicación coa dinámica xeral de actividades culturais, educativas, etc. do barrio, o que, o memso tempo, lles supón unha maior realización persoal.

* Outro dos temas prioritarios foi poñer en funcionamento o Consello de Redacción, encargado de confecionar o Periodico do barrio e outras publicacións puntuais. Logo de multitude de esforzos e de xestións, por fin logrouse sacar o **"Curriculum Vite"**, periodico do barrio, cuio primeiro número saiu a luz no mes de Setembro. Durante o ano 1992 sacamos tres números, cunha tirada de 2.000 exemplares que se distribuiron por todalas vivendas do

barrio. O Curriculum Vite está totalmente elaborado dende o barrio polas persoas integradas no Consello de Redacción. Sendo editado nas rotativas de "El Correo Gallego", sin cuia colaboración non sería económicamente viable esta empresa, xa que o edita dun xeito gratuito, simplemente a cambio dun anuncio plublicitario no mesmo.

Este ano conqueriuse facer realidade outro vello soño, organizar unhas "**I Colonias de Verán**" para os nenos e nenas do barrio. Organizáronse conxuntamente coa Asociación de Tempo Libre "Ollomol". Desenvolvéronse na primeira quincena de Xullo, nos locais do Colexio Público do Concello de Laxe. Nas mesmas participaron 50 rapaces e rapazas do barrio, con idades comprendidas entre os 8 e os 14 anos, acompañados por 12 monitores pertenecentes a "Ollomol", a maioría deles do noso barrio, e todos eles realizando este traballo desinteresadamente.

Os rapaces participantes abonaron unha pequena cuota de inscripción, salvo aqueles, que dada a situación de precari-dade económica familiar, foron becados por esta Asociación de Veciños. Salvo estos ingresos por inscripcións, todolos gastos das Colonias correron a cargo do fondos desta Asociación de Veciños.

Os resultados foron extraordinarios, e xa estamos traballando na preparación das "II Colonias de Verán" que, si económicamente é posible, terán lugar no vindeiro mes de Xullo.

* Dentro do apartado de ecoloxía e medio-ambiente, realizáronse varias actividades ó longo do ano 1992, abertas a tódolos veciños, menores e maiores, interesados en participar nas mesmas. Destacar pola súa importancia e interés a celebración da "Festa Ecolóxica", que este ano iba pola súa IV edicción; tamén a organización, por primeira vez, da "Saída ás Setas"; ademais de campañas en relación co reciclado de papel.

A "**VI Festa Ecolóxica**" tivo lugar, como nos anos anteriores, durante a primavera. Nesta ocasión celebrouse no mes de maio, realizando unha visita a desenvocadura do río Anllons, situado o fondo da ría de Corme e Laxe, cuio estei- ro ten unha grande importancia ecolóxica pola diversidade de especies que nela viven. Esto permitiu que todolos participantes pasaran un día moi agradable de convivencia en contacto coa naturaleza, e aproveitaran para recoller material e datos que con posterioridade seguirían traballando no Grupo de Actividades Medio-Ambientais da Coordenadora de Barrio.

Para levar a cabo esta actividade fixose o desplazamento en autobús ata a vila de Ponteceso, onde comenzou o percorrido seguindo o río ata o mar, observando e analizando o entorno co asesoramento das persoas máis expertas no tema; logo comeuse na praia; a continuación houbo diversos xogos na naturaleza e na praia, para os máis pequenos, e unha tertulia, entre os maiores, sobre o entorno natural.

A "**I Saída ás Setas**" realizouse no mes de Outubro, e consistiu na saída de todolos

interesados en grupos reduci-dos, con algunha persoa experimentada en setas en cada un deles, seguindo distintas rutas polos montes cercanos a Santiago facendo unha recolleita ordenada de multitude de setas diversas. Posteriormente xuntaríanse todos no Local Social da Coordenadora para facer a clasificación e análise das especies recollidas; rematando cunha degustación das mesmas.

* Un ano máis levouse a cabo, nos primeiros días do mes de Setembro, a que este ano foi **"V Semán de Cine o Aire Libre**, dirixida a todolos veciños do barrio, dun xeito especial ós máis xóvenes; os cales, un ano máis, respostaron a convocatoria enchendo cada noitiña as Prazuelas de Belén, lugar das proxecións das películas.

Vistos os resultados, consideramos que acertamos coa selección das películas, a cal foi feita tratando de compaxinar temas interesantes dende o ponto de visto formativo, como os valores humanos, a solidariedade, etc., cunha grande dose de aventuras, humor e emoción, o que fixo que todas elas resultasen moi atractivas para todolos públicos.

* Unha nova actividade que se puxo en marcha durante este ano 1992 foi a **"Escola Aberta de Xadrez"**, dirixida, tanto a todos aqueles veciños que sabendo xogar, estaban interesados en profundizar nos seus coñecimentos, como para os que se queren iniciar no apasionante mundo xadrecístico.

Esta Escola ven funcionando semanalmente, dun xeito totalmente gratuito, no Local social da Coordenadora de Barrio, nas tardes dos venres, atendida por dous veciños do barrio experimentados xa neste interesante xogo. Tivo unha grande acollida, fundamententalmete entre os rapaces, que na actualidade forman un grupo que comenza a camiñar cara a constituirse nun Clube de Xadrez.

* Unha importante campaña, tanto pola incidencia que tivo no barrio, como, incluso, pola sua trascendencia fora do mesmo, foi a Campaña promovida dende a Coordenadora de Barrio baixo o lema: **"Non inVITE ás drogas", "Si non queres axudarte, non fagas dano ós demais"**. Sabes como atoparnos si é que decides cambiar", desenvolvida durante o mes de setembro.

O motivo da mesma foi o feito de que nos meses anteriores se incrementara, dun xeito alarmante, o "trapicheo" e venta de drogas por varias ruas do barrio. E no que estaban implicados varios mozos do mesmo que se dedicaban a "venta" co fin de sacar para os seus "gastos".

Ante a pasividade das institucións competentes no tema, e dado que a alarma, en moitos veciños ibase convertindo en "cabreo", decidímos facer unha forte campaña divulgativa, fundamentalmente dirixida a sensibilizar a todolos veciños do barrio, e, o mesmo tempo, a propria Administración sobre este tema, entendido como un problema social que coa implicación de todos se pode ir atallando mediante alternativas en positivo, a pesares dos grandes intereses existentes no "negocio". Ademais de manter unha presión constante,

durante todo o mes, sobre os "distribuidores" que viñan polo barrio coa mercancía.

Enchemos todo o barrio de carteis: nos portais das vivendas, comercios, bares, locais e dos servicios públicos, pola rúa en cada curruncho; varias pancartas, multitude de paneis en vallas, varios murais pintados nas paredes, pegatinas, etc.

Tanto a planificación da Campaña, o seu desenrolo, como os resultados acadados, foron unha clara mostra, cualitativa e cuantitativamente, do alto nivel de implicación acadado polos veciños do barrio en relación co Proxecto en xeral. Doutro xeito sería inviable unha campaña destas caracterís-ticas, con estes presupostos de partida.

Previamente a esta campaña en sí, convocamos, a nivel de toda a Cidade un "**Concurso de Carteis**": "Non inVITE ás drogas", que por certo tivo moito éxito, sendo o cartel gañador do mesmo o que logo utilizamos como base para toda a Campaña.

* Intimamente relacionada coa anterior, e inmediatamente a continuación, dándolle o ponto de vista positiva a mesma, levamos a cabo a Campaña "**VITE SAUDABLE**". Iniciose esta, tapando toda a propaganda da campaña anterior con carteis en branco co novo eslogan.

Organizáronse charlas-Coloquio en relación co tema, dende o punto de vista da saúde en colaboración con profesionais do Centro de Saúde do barrio, do ensino coa colaboración de profesores dos centros de ensino do barrio, do deporte, coa inestimable colaboración dos membros da Asociación Galega de Deportistas contra ás Drogas.

Editamos un folleto, que foi elaborado polo persoal do Centro de Saúde que forma parte da Comisión de Saúde da Coordenadora. No mesmo dábanse suxerencias sobre "Como levar unha vida saudable", quedando aberto para novas suxerencias dos veciños. Distribuíuse vivenda por vivenda, e logo recollíanse as aportacións feitas polos veciños que o entregaban no Local Social da Coordenadora ou no Centro de Saúde.

Para rematar a Campaña organizamos unha cea con precios populares aberta a todolos veciños do barrio, na que se fixo unha valoración das campañas e un análise con perspectivas de futuro. Resultou altamente interesante e positiva.

* Levabamos anos tratando de facer un encontro, unha festa do deporte e a cultura do barrio, coincidindo co remate do curso, e antes de irse de vacacións. Neste ano 1992, debido a problemas de retrasos presupuestarios, unha vez máis, tivemos que aplazalo; pero sí que, por fin o demos organizado para o comenzo do novo curso 1992-93. Deste xeito naceu a "**I Olimpiada do barrio de Vite**", que veu a coincidir no tempo e no siñificado coa Campaña "Vite Saudable".

Foron oito días intensos de competicións individuais e colectivas, con dúas categorías por idades, estando a barreira divisoria nos 14 anos, e con multitude de especialidades: Atletismo, Chave, Futbol, Baloncesto, Ciclismo, Tute, Escoba, Dominó, Parchís, Xadrez, Damas, Patinaxe, Baile Galego, Taek Wondo, xogadas simultaneamente, que tiñamos programado rematar cun Macro-Festival musical de grupos noveis, que tivemos que suspender debido ás inclemencias do tempo.

A participación foi masiva, non só por parte dos máis novos, senón tamén dos adultos, sobre todo en algunhas especialidades. E o ambiente foi fenomenal.

Encargáronse 1.000 camisetas co eslogan "Vite Saudable", que se distribuiron entre todolos participantes. Editáronse os correspondentes diplomas acreditativos que se entregaron a cada participante, no acto de Clausura da Olimpiada, no cal contamos de novo con famosos deportistas pertenecentes a Asociación Galega de Deportistas contra ás Drogas, o que resultou un grande aliciente máis para todos.

* Coa intención de darlle continuidade ó longo do ano á práctica do deporte, puxemos en funcionamento os campeonatos **"Deporte ó Mediodía"**, que levan este nome precisamente polo horario que nos vimos obrigados a cumplir ó limitarnos, o Concello de Santiago, a utilización do Polideportivo Municipal a tres días a semán en horario de 12 a 14 horas. Deste xeito, os martes está dedicado ó Baloncesto, os Xoves temos Futbiño para os menores de 14 anos, e os Venres, a primeira hora está dedicada a Futbiño para os maiores, e a segunda, á práctica do patinaxe. Un apretado calendario que está completo ata o mes de Xuño do 1993, que remata esta, cutre, cesión do Polideportivo.

* Como en anos anteriores, viñéronse facendo diversos actos e actividades para conmemorar as datas con siñificado tradicional ó longo de todo o ano 1992. Celebramos o **Antroido, Día das Letras Galegas, San Xoan, Magosto**, etc sempre dun xeito aberto a todolos veciños e cun marcado caracter participativo e comunitario. Con este mesmo senso fixemos as participacións de **Loteria do Nadal** da Coordenado-ra de barrio.

* Realizáronse tamén, durante o ano diversas charlas sobre temas de interese xeral para os veciños.

* Como remate, por este ano, editamos o **Almanaque** para 1993, que leva o eslogan: "O Futuro: Labor de Todos", distribuindo o mesmo por todalas vivendas, e en todolos locais do barrio.

ACTUACION NO EIDO NO ENSINO

* En relación coa **intervención nos Centros de ensino do barrio**, deuse durante este ano unha de cal e outra de area, memtras no Colexio de EXB non vimos obrigados a paralizar o traballo que se viña facendo, dende o Instituto de Bacherelato "Xelmirez II" demandáronnos un traballo máis sistematizado do que se viña realizando, limitado, presicamente, por que os recursos humanos de que dispoñemos tiñan unha dedicación prioritaria na EXB. Tamén quedaron cortados, en principio, todolos intentos de coordenación entre os dous centros.

No Colexio de EXB agudizaronse os problemas, debido a intransixencia da Dirección, para poder realizar un traballo sistemático no centro en colaboración con todolos estamentos da comunidade escolar, centrados na prevención do fracaso escolar e na atención Psico-educacional naqueles casos que o requiran, tal como se veu facendo en cursos anteriores mediante a participación no Departamento de Orientación, xuntamente cos profesionais do Gabinete Psico-Pedagóxico de Apoio, profesionais do Centro de Saúde de Vite, ademais dos proprios profesores; a permanencia diaria no centro, concretamente da Psicologa contratada por esta Asociación de Veciños; etc. Todo elo a pesar de que esta laboura contara co recoñecimento por parte da Inspección e da Propia Delegación Provincial de Educación.

No Instituto de Bacherelato "Xelmirez" formalizouse a relación entre o Centro escolar e o Plan Socio-Comunitario, ó ser aprobado e respaldado o proxecto de intervención que presentamos no Consello Escolar, posibilitando unha maior sistematización da actuación que se viña facendo en anos anteriores.

Este feito deu lugar a que dende o comenzo do curso 1992-93 viñésemos desenvolvendo unha importante labor centrada na prevención do fracaso escolar, en colaboración co Departamento de Orientación do Centro escolar e con toda a comunidade educativa, concretada en:

- Detectar e facer o seguimento dos alumnos/as que presentan algunha problrmática escolar; analizando as causas sociais, familiares e escolares propiamente ditas que moti-van a mesma.
- Contribuir a que tódolos alumnos/as conquiran unha boa integración no Centro escolar.
- Potenciar a realización de diversas actividades por parte dos alumnos/as, así como fomentar o asociacionismo entre os mesmos.
- Fomentar a participación dos alumnos /as nas activi-dades propias do Centro escolar, así como nas que se reali-zan dende o barrio.
- Facer o seguimento dos alumnos /as que abandonan o Centro escolar sen rematar os estudios; tratando de orienta-los sobre outras alternativas escolares ou laborais.
- Promover programas educacionais socio-sanitarios pa-ra, e con toda a comunidade

educativa, en colaboración co persoal do Centro de Saúde de Vite.

- Promover unha maior participación e cooperación dos pais na educación do alumnos; facilitando asesoramento sobre temas pedagóxicos, innovacións educativas, etc.
- Proporcionar asesoramento e orientación, tanto as familias, como ós propios alumnos/as que presenten algunha problemática de tipo escolar, social, psicolóxica, etc.

ACTUACION RELATIVA OS MOZOS/AS EN "SITUACION DE RISCO"

Na memoria do ano 1991, comentabamos, cunha perspectiva de anos atrás, que se constataba un grande avance cuantitativo, en positivo, referido á mocidade do barrio con problemas de inadaptación social, posto de manifesto polo número de rapaces que atoparon unha saída laboral, dende aquela primeira experiencia, neste senso, que foi a "Comisión de Mozos polo Emprego" promovida por nós no ano 1989, ou polo feito de que a maioría dos asuntos pendientes coa xusticia dos mozos do barrio, son por actos cometidos hai anos.

Na actualidade, o análise desta situación manténse con plena vixencia, matizado, polo feito de que o incremento do "trapicheo" no barrio durante unhos meses, levou consigo, paralelamente, a volta atrás nalgún dos casos de rapaces integrados laboralmente; que hoxe están en vías de recuperación, estando integrados no Taller Pre-laboral.

* Dende sempre entendemos que as alternativas laborais para a mocidade eran a millor arma, tanto na prevención de situacións de "risco social", como no camiño cara a unha reinserción social efectiva. Dahí os nosos múltiples intentos neste senso.

Por este motivo, un dos grandes logros conqueridos neste ano 1992 foi chegar a un acordo cunha empresa da Cidade, que nos envia material para facer, o que deu lugar a posta en funcionamento dun **"Taller Ocupacional Pre-Laboral"**, destinado ós mozos e mozas do barrio con especiais dificultades de inserción no mundo laboral.

Este Taller ven funcionando diariamente de 9 a 15 horas, de Luns a Venres, no Local Social da Coordenadora de Barrio; sendo o seu principal obxectivo educar ós participantes no cumprimento dun horario e dunhas normas de funcionamento, que lle serán imprescindibles para adaptarse o mundo laboral. Complementado coa información e asesoramento xuvenil en xeral, e de saídas laborais en particular.

A resposta dos interesados foi inmediata, e os primeiros días xa nos vimos desbordados, atopándonos con problemas de espacio para integrar a máis xente.

Os resultados da experiencia considerámolos fortemente positivos, tendo en conta que catro das persoas que comenzaron no taller, hoxe están traballando, contratados por distintas empresas da Cidade.

* Por outra parte, continuamos a facer a labor de educación na rúa, e o seguimento

individualizado e familiar dos mozos/as en situación de "risco social"; encamiñada a tratar de encauzar as suas espectativas; tanto de cara ó mundo laboral, na maioría dos casos tratando de que se integren previamente no Taller Ocupacional Pre-laboral; como de cara a súa integración na dinámica social do barrio, promovendo a súa implicación naquelas actividades que despertan o seu interés.

Nesta labor vimos traballando en estreita coordinación coa Traballadora Social do Centro de Saúde; e dun xeito máis esporádico e informal co persoal da Unidade Municipal de Atención ós Drogodependentes (UMAD), e tamén con xuices dos xulgados de Santiago. Contando coa estreita e desinteresada colaboración de varios avogados da Cidade.

Neste senso valoramos a necesidade dun Piso de Acollida na Cidade de Santiago para mozos/as que saen da cadea e que están decididos a replantexarse a súa vida, e non dispoñen do apoio necesario por parte da súa familia, de xeito que lles facilite poder levar unha vida ordenada, refacer a súa vida con maiores garantias de exito

Santiago de Compostela, Xaneiro de 1.993